

A FACULTADE DE CIENCIAS DA EDUCACIÓN

Por Narciso de Gabriel

As orixes da Facultade de Ciencias da Educación remóntanse a 1845, ano en que se creou na cidade da Coruña a Escola Normal de Instrución Primaria, inaugurada o 2 de xullo e destinada á formación do maxisterio masculino. O seu primeiro director foi Antonio María de la Iglesia, que no seu día recibira unha bolsa da Deputación provincial para cursar estudos na Escola Normal Central de Madrid. As escolas profesionais de Comercio e de Náutica creáronse cinco anos máis tarde, polo que o noso é o centro da UDC cuns antecedentes máis remotos, seguido da Facultade de Economía e Empresa e da Escola Técnica Superior de Náutica.

A Escola Normal de Instrución Primaria tivo unha curta duración, debido a que en 1849 o goberno reorganizou e reduciu o número de centros e adjudicou a Santiago de Compostela a Escola Normal Superior de Mestras, desatendendo as demandas que reclamaban a súa continuidade na cidade herculina.

Os estudos de maxisterio retornaron á Coruña en 1865, agora con carácter feminino. Nace así a Escola Normal Superior de Mestras, que conservará este carácter ata a Segunda República, en que se practicou por primeira vez a educación mixta nestas institucións docentes. Durante o franquismo retornárase á segregación por sexos.

As mulleres tiñan practicamente vedado o acceso a institutos e universidades, e ata 1910 necesitaban unha autorización específica do Ministerio para se poderen matricular. O maxisterio constituía unha das

contadas oportunidades que se lles ofrecían para cursar estudos alén da escola primaria, e eran moitas as que a aproveitaban, con independencia de que tivesen previsto dedicarse ao exercicio da profesión. A Normal da Coruña foi das máis concorridas de todo o Estado. En 1930 a súa matrícula era de 580 alumnas.

A Escola instalouse en diversos lugares, e non dispuxo dun espazo propio e específico ata que a mediados do pasado século se construíu o edificio de Riazor, no marco do proxecto de Cidade Escolar deseñado polo arquitecto Antonio Tenreiro Rodríguez. Actualmente é a sede de Normal-Espazo de intervención cultural, denominación que nos lembra as súas orixes.



O edificio incluía unha escola primaria anexa, destinada á realización de prácticas por parte dos

aprendices de mestras e de mestres, que a día de hoxe funciona como Centro de Educación Infantil e Primaria-Anexa de Prácticas. A Lei xeral de educación (1970) estableceu que as Escolas Normais e outras escolas profesionais terían carácter universitario. A da Coruña integrouse na Universidade de Santiago de Compostela como Escola Universitaria de Formación do Profesorado de Educación Xeral Básica en 1972, e como tal será transferida en 1990 á Universidade da Coruña, creada formalmente en 1989.

Nesta etapa foron directores e directoras os profesores/as Esther Fernández Fernández, Emilia Novoa Mazaira, Xan Verdini Deus, Ramón González Cabanach e Román Montesinos López.

En 1972 dotouse á cidade dun novo centro, o Colexio Universitario, instalado inicialmente nuns pavillóns prefabricados situados na rúa Manuel Murguía e desde 1984 nun edificio construído no Campus da Zapateira, que na actualidade é a sede da Facultade de Ciencias. No Colexio impartíanse os primeiros ciclos de diversas licenciaturas, entre elas as de Psicoloxía e Pedagogía, o que permitiu potenciar o desenvolvemento da docencia e da investigación psicopedagóxicas na nosa cidade. Dous dos seus directores serán, andando o tempo, reitores da Universidade da Coruña (José Luis Meilán Gil e Xosé Luís Armesto Barbeito), e outro foi o noso compañeiro Jurjo Torres Santomé.

Unha vez creada a Universidade da Coruña, era necesario transformar os estudos de primeiro ciclo, que xa non se podían manter como tales. Optouse por implantar dúas diplomaturas: a de Educación Social, como substitución do primeiro ciclo de Pedagogía, e a de Logopedia, en substitución do primeiro ciclo de Psicoloxía, ademais dunha licenciatura de segundo ciclo, a de Psicopedagogía. Estas novas titulacións, xunto con outras de carácter filolóxico, configurarán a Facultade de Humanidades.

Finalmente, a Facultade de Ciencias da Educación xurdiu en 1995 como resultado da integración da

Escola Universitaria de Formación do Profesorado e dunha parte dos estudos que se cursaban na Facultade de Humanidades: as dúas diplomaturas e a licenciatura ás que nos vimos de referir. Durante os primeiros anos de funcionamento o centro tivo dúas sedes, a actual (compartida coa Facultade de Filoloxía) e o antigo edificio de Riazor. Desde 2003 dispón dunha única e exclusiva sede.

A Facultade experimentou unha importante transformación nos últimos anos a raíz da implantación do Espazo Europeo de Educación Superior, que modificou a estrutura dos estudos universitarios. Como consecuencia deste cambio, as diplomaturas de Logopedia e de Educación Social convertéronse en graos con esta mesma denominación, e as catro diplomaturas de maxisterio que se cursaban na Coruña (Educación Infantil, Educación Primaria, Educación Física e Audición e Linguaxe) transformáronse, debido á redución do número de especialidades, en dous graos: Mestre en Educación Infantil e Mestre en Educación Primaria. A estes catro graos súmanse seis mestrados e dous programas de doutoramento.

Os decanos e decanas do centro foron os profesores/as Ramón González Cabanach (1995-1996 e 1998-2000), Alfonso Barca Lozano (1996-1998), María Dolores Candedo Gunturiz (2000-2005), Narciso de Gabriel Fernández (2005-2012), Ana Iglesias Galdo (2012-2015) e Manuel Peralbo Uzquiano.

O Doutor Narciso de Gabriel Fernández é catedrático do Área de Teoría e Historia do Departamento de Pedagogía e Didáctica

